

**Tema:** Ter diabetes non é...

1/4

PROFESOR

ALUMNOS



[www.fundaciondiabetes.org](http://www.fundaciondiabetes.org)

## O ERRO DE ANDRÉS

Ultimamente, Borja non sorrí nin no circo. A súa nai pensa que é porque hai un mes que lle dixeron que tiña diabetes, pero está equivocada.

O que o pon triste é que Andrés, o seu mellor amigo, xa non se xunta con el nos recreos e, cando Borja o chama para xogar ao fútbol, di que non lle apetece.

Ata entón sempre estiveran xuntos. Nunca facían nada sen contar o un co outro. Se o seu pai lle dicía de ir ao cinema ou a pescar, Borja sempre preguntaba: "Podo chamar a Andrés para que veña?".

Non sabe por que está tan raro. Xa o notou moi serio o día que toda a clase, incluída Marta, a súa mestra, foron velo ao hospital. Armaron unha boa con todos os xoguetes que lle regalaran os seus tíos! Pero o seu mellor amigo case nin o saudou.

Marta tamén notou o cambio. Así que decide investigar un pouco.

—Rapaces, xa podedes saír ao recreo. Andrés, por favor, queda un momento.

Andrés queda sentado no seu pupitre sen saber moi ben que quere Marta.

—Ultimamente véxote moi serio. Pásache algo?

—Mmmmmm.

—Vés a gusto ao cole?

—Si.

—Pasa algo na túa casa?

—Non.

—Estás enfermo?

—Non.

—Ten que ver con Borja?

—Mmmmmmmmm.

—Berrastes?

**Tema:** Ter diabetes non é...

2/4

PROFESOR

ALUMNOS



[www.fundaciondiabetes.org](http://www.fundaciondiabetes.org)

—Non.

—Andrés, douche un euro se dis máis de catro palabras seguidas.

—Vaia, Marta! Que cousas se che ocorren —dixo sorrindo, pero non moito—.

—... É polo da diabetes?

Andrés agacha a cabeza mentres fai esforzos para que non lle escape unha bágoa idiota que se asoma no seu ollo esquerdo.

Marta, que é moi lista (por iso traballa de mestra), enseguida se decata de que o que lle preocupa a Andrés está relacionado coa diabetes do seu amigo.

—Pero, Andrés, se Borja xa está ben. Non o ves?

—Si, pero tense que picar todos os días. Pedro di que os que se drogan tamén se pican.

—Non pensarás que Borja é un drogadicto, verdade?

Non creas que a Andrés non se lle pasara esa idea pola cabeza. Tamén para el todo isto é novo. Pero non, xa non o cre porque un día lle oíu á súa nai falar por teléfono coa súa tía Elena dun señor maior que tamén tiña que picarse.

—Non, non o creo. Pero...

—Dime, cariño.

—Pois que oín a miña nai dicirle á miña tía que é unha enfermidade terrible e que un señor morrera diso. E que primeiro quedara cego.

Xa non pode conter máis esa maldita bágoa que sae fuxindo do seu ollo esquerdo, acompañada doutro par que estaban escondidas no dereito.

—Borja é o meu mellor amigo e non quero que lle pase nada malo.

—Pero, Andrés, estás rematadamente equivocado. Que Borja teña diabetes non quere dicir que vaia quedar cego e, moito menos, que vaia morrer.

—Ah, non? —di Andrés poñendo cara de inxenuo.

—Non, home. O que quere dicir é que ten que coidarse máis e picarse

# Actitudes e valores

Ciclos: 1º, 2º e 3º

**Tema:** Ter diabetes non é...

3/4

PROFESOR

ALUMNOS



[www.fundaciondiabetes.org](http://www.fundaciondiabetes.org)

insulina. Necesítala para poder facer as mesmas cousas ca antes: xogar ao fútbol, estudar, correr, facerme burla cando me dou a volta...

Andrés pensa que a mestra ten que ser un pouco bruxa. Como pode saber que a Borja e a el lles divirte imitala cando ela non os ve?

Non obstante, non queda tranquilo de todo. Dálle moita vergoña recoñecelo, pero é agora ou nunca:

—Ademais, teño medo de que me contaxie.

Iso era algo que lle preocupara dende que foron ao hospital. Pensa que é unha mala persoa por preocuparse menos do seu amigo que de que non o contaxie.

Marta mírao sorprendida. Por fin o entendo todo. Así que era iso! Pensa que o pobre Andrés o ten que estar a pasar moi mal. Abrázao durante un instante.

—Andrés, cariño, a diabetes é unha enfermidade que non se contaxia.

—Queres dicir que se xogo con el non me porei malo?

—Exactamente.

—E se pelexamos?

Andrés recórdalle á mestra o moito que lles gusta xogar a piratas e como sempre acaban envorcallados pola herba do parque.

—Aínda que vos fagades sangue tampouco te contaxiará.

—Prométesme que non vai quedar cego e que non vai morrer por culpa da diabetes?

—Prométocho.

Non vexas como lle cambiou a Andrés a cara. Como por arte de maxia volve ser o mesmo rapaz alegre de sempre.

—Agora sal ao patio, que aínda quedan 10 minutos de recreo.

# Actitudes e valores

Ciclos: 1º, 2º e 3º

**Tema:** Ter diabetes non é...

4/4

PROFESOR

ALUMNOS



[www.fundaciondiabetes.org](http://www.fundaciondiabetes.org)

Marta decide que esa mesma mañá vai chamar o médico que trata a Borja para invitalo a lle explicar a toda a clase que é iso da diabetes. Non quere ter outra sorpresa coma esa.

Mentres tanto, Borja, no patio, a duras penas, probou o bocadillo. Non quixo xogar ao pilla-pilla e iso que llo propuxo Luísa (ti non sabes o guapa que é esa rapaza), nin lle deu conversación a Miguel cando sentou ao seu lado.

De pronto, oe renxer a porta da clase ao abrirose (a ver se a engraxan, que leva así todo o curso). Levanta a vista e sen ter tempo de reaccionar ve un vulto que se lle achega velozmente. É Andrés que se lle botou enriba para abrazalo. Andrés, que co impulso o tirou patas arriba. Andrés ri a gargalladas, mentres rodan os dous polo chan do patio.

Borja, sorprendido, non sabía que facer. Pensa que algo grande lle tivera que pasar ao seu amigo mentres falaba con Marta. A verdade é que non sabe que poderá ser, pero está encantado. Pensa: "Que non se me esqueza preguntarlle despois que lle pasou". Pero agora está demasiado ocupado en envorcallarse co seu amigo.

Os dous esmendréllese coa risa mentres dan voltas polo chan. Miguel, que os ve, opina que están tolos. E cando mira cara á clase para ver como sae Marta a berrarlles xa non entende nada. Alí está ela, mirando a través da ventá e sorrindo mentres marca un número de teléfono.